



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 25 DE AGOSTO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 25 de agosto do 2008 a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio e Don Anxo Collarte Pérez .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaioito de agosto do dous mil oito (Ordinaria).

#### **RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL**

Habéndose advertido un erro na Xunta de Goberno Local, de data 11 de Agosto pasado no punto relativo a Adxudicación Provisional Rua Salgado Moscoso Infraestructuras Xerais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectificar o citado punto quedando o acordo do seguinte xeito:

#### **Onde di:**

“Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

2-O abxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 19.191,38€ na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito, no prazo de 15 días naturais a partir da recepción do acordo.”

#### **Debe dicir:**

“Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

2-O abxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 16.544,29€ na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito, no prazo de 15 días naturais a partir da recepción do acordo.”



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

## **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

1º.- Escrito de Gestima, S.L. con data de RE 20.08.08 e núm. 5065 donde envía a documentación sobre a marcha da explotación da Concesión do Parking sito na Alameda de Ribadavia en base ao que solicita o seguinte:

- a) O Concello de Ribadavia, na súa calidade de Administración concedente, ha de outorgarlle a protección necesaria para que se poida prestar o servizo debidamente.
- b) Nosa Compañía, no seu caso, debera recibir do Concello de Ribadavia unha compensación económica substitutoria, aú sin mediar modificacións no servizo, cando as circunstancias determinasen, en calqueira sentido, a ruptura económica da Concesión

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros denegar a solicitude efectuada por GESTIMA, S.L.

2º.- Escrito de Aqualia de data de RE 08.08.08 con núm. 4785 adxuntado alegacións contra o Expediente sancionador S/32/0145/07V da Confederación Hidrográfica do Norte para o seu coñecemento.

## **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Delegación Provincial Ourense con data de RE 18.08.08 e núm 4985 polo cal comunica que como xa se puña de manifesto no escrito de desta delegación de data 21 de marzo do ano 2002, nº de rexistro de saída 004172 de data 26.03.02 con rexistro de entrada nese concello o 1 de abril dese mesmo ano nº1479, a propiedade dos locais anexos ao edificio do Centro Educativo de Infantil da Alameda, e que forma parte do CEIP “Tomás de Lemos”, e que no seu día foi cedido o seu uso a ese Concello é da súa propiedade, o mesmo que todos os edificios que están destinados para uso educativo infantil e primaria, afectos ao servizo público educativo.

2º.- Comunicación da Delegación Provincial de Igualdade e do Benestar de data de RE 18.08.08 e núm. 4982 onde dí que en relación a solicitude do expediente VP421A 2008/11-3 deberá presentala documentación que de seguido se indica no prazo de dez días a contar desde a recepción da presente comunicación, segundo o disposto no art. 9 da devandita orde:

- No caso de facer nova contratación, currículo vitae dos candidatos, e certificación da corporación local na cal conste a/o candidata/o seleccionada/o, de ser o caso, en relación das/os candidatas/os presentadas/os.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

- Escrito no que se faga constar a non inclusión na mancomunidade Do Ribeiro do programa de Educador Familiar.

3º.- Comunicación da Consellería de Vivenda e Solo, Secretaría Xeral con data de RE 18.08.08 e núm. 4983 onde di que o convenio (Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para a execución das obras de recuperación do Casco Histórico de Ribadavia Infraestructuras Xerais-Rúa Salgado Moscoso) establece que a achega económica que aportará a Consellería de Vivenda e Solo para o ano 2008 é de 150.0000€ que se fará efectiva do seguinte xeito:

- 50% da subvención (75.000€) entregárase, unha vez , que polo concello se presente a resolución de inicio do expediente de contratación efectuada polo órgano competente, xunto coa foto do cartel de anuncio das obras.
- O pagamento restante 50% farase efectivo mediante pagos parciais contra certificación de obra debidamente conformadas.

4º.- Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data de RE 20.08.08 e núm. 5066 relativa a subvencións outorgadas e denegadas para Concellos, Asociacións e Centros de Ensino Oficial que realizaron actividades de Ensino de Gaita, Danza, Percusión, Pandereita e Canto Tradicional no curso 2007-2008, 2ª convocatoria (BOP nº105, do 8 de maio de 2008).

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **COMUNICACIÓN CESIÓN DE AULAS**

Dase conta por parte do Secretario da proposta da Alcaldía relativa a cesión das aulas ubicadas nas rúas Carlos Casares nº5, Escola Infantil, (que ata o momento están ocupadas pola Mancomunidade de Concellos do Ribeiro e que actualmente trala realización do desahucio administrativo volven estar en poder do concello de Ribadavia), a favor do Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar para adicalo a Galescola de conformidade co regulamento de Galescolas e a aprobación do programa educativo das galescolas aprobados ambos na sesión de 26 de xuño de 2008.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda conceder con carácter temporal as citadas aulas ao Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar, para prestación do servizo de Galescola de acordo cos seguintes condicionantes:

1º.- A prestación do servizo deberá ter en conta o Regulamento de Galescola, destacando fundamentalmente o cumprimento do capítulo 2º no referente a Dereitos das persoas usuarias e Obrigas das familias ou representantes legais e no cumprimento do capítulo 7º no referente a Horarios de apertura, Servizos, Horario de visitas e recollida de crianzas, Galescola de verán, Normas de saúde e hixiene persoal, Intolerancias alimentarias, Período de adaptación, Réxime de saídas, Participación dos pais/nais/representantes legais, Promoción da igualdade entre os/as nenos/as, Promoción da integración, Promoción do uso da lingua galega e Utilización excepcional das instalacións das Galescolas. O incumprimento das normas do regulamento poderá dar lugar a revocación unilateral do Convenio de colaboración por parte do Concello de Ribadavia.

2º.- A explotación do servizo realizarase a risco e ventura do contratista de xeito que os custos de mantemento do servizo serán da súa conta e así mesmo as posibles responsabilidades que se poidan deducir na prestación do mesmo.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

3º.- A cesión das aulas realizarase por un período máximo de catro anos de acordo cos art.85 e seguintes da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, podendo prorrogarse unha vez chegado o término do prazo legalmente establecido, e sen perxuízo de que se o consorcio deixase de prestar o servizo se poderá proceder a recuperación inmediata das aulas.

4º.- O Concello de Ribadavia se compromete a manter as condicións adecuadas de paz e orden público para a correcta prestación do servizo de Galescolas.

A xunta de Goberno Local acorda así mesmo enviar ao consorcio Galego de servizos de igualdade e benestar copia dos trámites fundamentais do procedemento de Desahucio administrativo levado a cabo contra a Mancomunidade de concellos do Ribeiro

#### **PROXECTO “XUDERÍA DE RIBADAVIA”**

Por parte do Concelleiro Delegado de cultura Don Anxo Collarte Pérez propónse á Xunta de Goberno Local a solicitude de subvención Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base a Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se anuncia a convocatoria para subvención a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia correspondente ao período 2008-2009, presentando un proxecto denominado XUDERÍA DE RIBADAVIA por importe de 160.000€.

A xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros aprobar o citado proxecto solicitando á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o outorgamento da subvención por importe de 160.000€

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO